

Descripción do percorrido.

Neste primavera doce de Maio daremos un paseo por parte das concas dos ríos Castro e Belelle, concretamente polas augas que bañan os concellos de Neda e San Sadurniño.

Puxen o nome a esta excursión de “entre fervezas” porque pasaremos polas de Naraío e Belelle. En principio a miña intención era a de visitar tamén as de Pozo de Lamas, pero debido á dificultade de achegarse nun autobús grande, houbo que tomar a decisión de renunciar.

A primeira parada farémola en Narón para tomar o café e comprar pan. Dende aquí o autobús conduciranos ao aparcadoiro de Igexa-feita onde comezaremos o descenso ata o río Castro, pasando pola aldea de Remiceiro. Camiñamos paralelos ao río entre vexetación típica de ribeira: salgueiros, freixos, aveleiros e algún que outro carballo e castiñeira. O carreiro, salpicado de pequenos charcos de auga cristalina, poboados de ras e numerosos tritóns, condúcenos a un promontorio que domina todo o val, coroado polo Castelo de Naraío que, construído a principios do século XIV, na actualidade atópase en estado de ruína. Descendendo, outeiro abaixo, cara a unha pequena central hidroeléctrica, atopamos un desvío que nos conduce á impresionante ferveza, situada nun lugar apracible pero con pouco espazo, co cal teremos que achegarnos a ela en pequenos grupos. Atravesamos a aldea de Riolímpo e continuamos río abaixo ata chegar ao núcleo principal de Naraío, ao que accedemos perto da Ponte dá Ferrería.

Antes de comezar o ascenso ao Monte das Louseiras, convén botar unha ollada á bonita igrexa barroca de Santa María. Aos poucos imos gañando altura ata chegar aos 452 metros, dende aquí a panorámica é impresionante. Cara ao SO a ría de Ares, A Coruña e ao fondo as Sisargas, aos nosos pés a ría de Ferrol, ao NO Valdoviño, ao N as Serras da Capelada e A Faladoira, cara ao leste O Fergoselo, Monte Fexa e máis alá a Serra dá Cova de Serpe e ao Sur a Serra de Montemaior co monte Xalo, e ás súas costas a central térmica de Meirama.


Descendemos dende aquí cara á conca do Belelle. Camiñaremos pola súa feiteiceira ribeira ata chegar un pequeno encoro, a presa dá Ferveza, onde comeza a canle que nos acompañará ata un pequeno aliviadoiro que marca o punto de descenso ata a segunda ferveza do día. A do Belelle, distinta á de Naraío, máis alta e mesmo máis impresionante.

Só nos queda un pequeno ascenso ata un bonito miradoiro dende onde podemos contemplar o salto de auga ao completo, xa que ten varios tramos. Estamos moi perto xa do final da nosa andaina, a pequena igrexa de Santo André de Viladonelle, situada nunha bonita paraxe e onde nos espera o autobús para conducirnos, primeiro a Pontedeume para refrescar os gaxnates e despois a casa. Recoméndase calzado adecuado para zonas de auga.

Dificultade: Media

Distancia: 20,5 Km

Altura Máxima: 452 m



Teléfono Servicio asistencia 902136524 (Mapfre)

No Federados: 981 260320

PROXIMAS ACTIVIDADES 2019

- ✓ **Maio.- 16/19:** Os pasadiços de Paiva y otra PT
- ✓ **Xuño.- 2:** Serra do Candan (2º Asalto) PO
- ✓ **Xuño.- 22/24:** Picos de Europa (Pendiente definir) AS
- ✓ **Xuño.- 30:** Illa de Salvora (Pedestre e Maritima)
- ✓ **Xullo.- 14:** Polas Fragas do Eume + Piraguas C
- ✓ **Xullo.- 25:** Saida Internacional a Slovenia
- ✓ **Setembro.- 15:** S. Andres de Teixido a Teixedelo C
- ✓ **Setembro.- 28/29:** Os Povos Promiscuos Portugal PT
- ✓ **Outubro.- 6:** Entre Penedos(Pasarela, e Mórdomo) C
- ✓ **Outubro.- 20:** Ruta megalítica por Corrubedo C
- ✓ **Novembro.-1-3:** O' Courel do Poñente LU
- ✓ **Novembro.- 17:** Pola contorna do Tambre e Trazo C
- ✓ **Decembro.-** P.C. Ponferrada (Montes Aquilanos) LE
- ✓ **Decembro.- 15:** Pola Bisbarra Luguesa e Cocido LU




Teléfono: 981 213115

Correo: artabros@artabros.org



SOCIEDADE DE MONTAÑA
ARTABROS

COÑECE E CAMIÑA



12 de maio de 2019

ENTRE FERVENZAS. RIOS CASTRO Y BELELLE

Neda-San Sadurniño

(Coruña)

